



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 120

Sesión plenaria
25 de xuño de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGm-HaRmt1hd8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 165.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor presidente comunica a ausencia xustificada da deputada dona Paula Vázquez Verao. (Páx. 5.)

Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, o señor presidente pídelles aos membros da Cámara que se garde un minuto de silencio en lembranza de don Raúl Fernández Fernández. (Páx. 5.)

Todos os membros da Cámara e do Goberno, así como os asistentes á sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 5.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia á nova deputada, D^a Jackeline Elizabeth Fernández Macías. (Páx. 5.)

A señora Fernández Macías presta xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, co que adquire a condición plena de deputada. (Páx. 5.)

Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia, en conformidade co artigo 165.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente comunica que, conforme o disposto no artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, o número de senadores que lle corresponde designar á Comunidade Autónoma de Galicia é de tres e que a súa distribución será en proporción á representación das distintas forzas políticas existentes na Cámara. (Páx. 6.)

A continuación, dá conta do procedemento seguido para a súa designación, así como do desenvolvemento da votación nesta sesión, e solicítalle á señora secretaria da Mesa que proceda ao chamamento das señoras e señores deputados. (Páx. 6.)

A señora secretaria, Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa. (Páx. 6)



Rematada a votación e o escrutinio, o resultado é o seguinte: votos a favor de don José Manuel Sande García, 62; votos a favor de don Jesús Vázquez Abad, 62; votos a favor de dona Elena Muñoz Fonteriz, 62; e votos en branco, 8. (Páx. 7.)

Acadado o apoio da Cámara, o señor presidente anuncia que queda designada e designados senadora e senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia para a legislatura número XIII do Senado: dona Elena Muñoz Fonteriz, don José Manuel Sande García e don Jesús Vázquez Abad. (Páx. 7.)

Remata a sesión ás dez e vinte e catro minutos da mañá.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Damos comezo á sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou inasistencia a este pleno a deputada dona Paula Vázquez Verao.

Antes procede que gardemos un minuto de silencio en lembranza de don Raúl Fernández Fernández, que, como ben saben, foi compañeiro noso e faleceu recentemente. *(Pausa.)*

(Os membros da Cámara, postos en pé, gardan un minuto de silencio.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Agora entramos no desenvolvemento da orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada

O señor PRESIDENTE: Como punto preliminar procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada, dona Jackeline Elizabeth Fernández Macías.

Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.3 do Regulamento, procede solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía á nova deputada.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, prometo», ou «si, xuro» á pregunta desta presidencia.

Prégolle que responda dende o escano á pregunta que lle vou formular.

Pómonos en pé, por favor.

Dona Jackeline Elizabeth Fernández Macías, ¿promete ou xura acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestado, neste caso, xuramento, adquire a condición plena de deputada.

Benvida ao Parlamento. *(Aplausos.)*



Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia, en conformidade co artigo 165.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Agora, como punto único deste Pleno, corresponde a designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Iniciado o procedemento para a designación de senadoras ou senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, por acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do 18 de xuño de 2019, o número de senadores ou senadoras que hai que designar é de tres, conforme o disposto no artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A súa distribución, feita en proporción da representación das distintas forzas políticas existentes na Cámara, determina que ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia lle corresponde a proposta de dous candidatos ou candidatas e ao Grupo Parlamentario de En Marea lle corresponde un.

Rematado o prazo de presentación das propostas, a Mesa, na reunión do 21 de xullo de 2019, acordou admitir a trámite as propostas dos grupos parlamentarios e designar candidata e candidatos para senadores ou senadora.

A elección efectuarase por papeleta, conforme o disposto no artigo 91 do Regulamento de Galicia. Na papeleta repartida ao efecto figuran os nomes da candidata e dos candidatos propostos para marcar cunha aspa o recadro da candidata ou dos candidatos aos que presten o seu apoio. De non marcar ningún recadro, considérase voto en branco, e de introducirse algunha emenda riscada ou calquera outra adición, declararíase voto nulo.

Procédase, polo tanto, ao reparto das papeletas. *(Pausa.)*

Xa están repartidas todas as papeletas, polo tanto, comezaremos a votación —pechen as portas, por favor—, que se fará por chamamento efectuado por parte da secretaria da Mesa, dona Raquel Arias Rodríguez. Prégolles ao vicepresidente primeiro e á vicesecretaria que se sitúen onde a urna para a recollida das papeletas.

Señora secretaria, pode proceder ao chamamento das súas señorías.

A señora SECRETARIA DA MESA (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

(A señora secretaria, Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: ¿Exerceron todos os deputados e deputadas o dereito a voto? *(Asentimento.)* Grazas.

Procedemos ao recuento.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)



O señor PRESIDENTE: O resultado do escrutinio é o seguinte:

Votos a favor de D. José Manuel Sande García, do G. P. de En Marea, 62; votos a favor de D. Jesús Vázquez Abad, do G. P. Popular de Galicia, 62; votos a favor de D^a Elena Muñoz Fonteriz, do G. P. Popular de Galicia, 62; votos en branco, 8.



Acadado o apoio da Cámara, queda designada e designados senadora e senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia para a lexislatura número XIII do Senado: dona Elena Muñoz Fonteriz, don José Manuel Sande García e don Jesús Vázquez Abad.

Polo tanto, dámoslles a noraboa, por suposto, e remata aquí a sesión ordinaria.

Advírtolles que levantaremos a sesión e continuamos co desenvolvemento do outro pleno que procede a continuación.

Remata a sesión ás dez e vinte e catro minutos da mañá.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

